



A República espida (II)

Description

A *revolución macronista*: tecnocracia lonxe dos partidos e malestar democrático

As eleccións de 2017 confirmaron certa ruptura definitiva coa orde política anterior. Emmanuel Macron, un exministro centrista sen estrutura partidaria tradicional, soubo capitalizar a crise do bipartidismo e liderar unha *revolución electoral* tan inesperada como fulgurante. Co seu novo movemento, La République en Marche (LREM) de perfil tecnocrático, transversal e deliberadamente antipartidario, Macron obtivo a presidencia fronte a Marine Le Pen, tanto polos seus propios méritos como polos deméritos da candidata ultradereitista, cuxa campaña errática na segunda volta consolidou o voto de rexeitamento. Ao mesmo tempo, a súa vitoria pulverizou a representación dos partidos históricos, tanto o Partido Socialista (PS) como os Republicanos (LR), que ficaron reducidos a meras forzas testemuais. A posterior maioría absoluta de LREM na Asemblea Nacional (314 escaños) edificouse sobre candidatos neófitos na política, sen experiencia nin implantación territorial, dependentes por completo do tirón presidencial. Este modelo personalista e tecnocrático, sen democracia interna nin estrutura orgánica real, levou o hiperpresidencialismo ao seu cumio: o poder quedou concentrado no xefe do Estado, sen contrapesos efectivos nin debate partidario que o limitase.

O propio Macron definiuse como un presidente *xupiteriano*, situado por riba dos partidos e dos corpos intermedios da sociedade. Na práctica, gobernou esquivando a mediación dos sindicatos e do Parlamento cando lle foi posible, preferindo consultas directas e controladas polo Eliseo, nun exercicio calculado de verticalidade. Como advertiu Pierre Rosanvallon, *a democracia non vive só da letra da Constitución; vive tamén do espírito das institucións*. Ese espírito participativo e deliberativo viuse profundamente erosionado por un estilo *macronista* autorreferencial e tecnocrático, que redefiniu a Presidencia como un espazo separado da cidadanía. Macron levantou, proactivamente, un muro entre o Goberno e os cidadáns, ao tempo que reforzaba a súa figura simbólica como encarnación do pobo, nun paradoxo que resume a deriva actual da Vª República.

As consecuencias non tardaron en manifestarse. Entre 2018 e 2019, a revolta dos *chalecos amarelos* puxo de relevo o profundo divorcio entre boa parte da cidadanía e as elites gobernantes de París. Como sinala con acerto a economista Julia Cagé, o movemento dos Gilets Jaunes demostrou que as clases populares *xa non se senten representadas pola clase política nin por Macron*. Para Cagé, nun sistema democrático san, os problemas que estes manifestantes puxeron enriba da mesa *deberían terse debatido institucionalmente, e non nas rúas*. Porén, ante a ausencia de canles de representación efectivos, os cidadáns optaron pola protesta extra-institucional, síntoma evidente do malestar democrático latente. O Goberno de Macron tratou de conter a crise promovendo dúas iniciativas inéditas: o *Grand Débat National* e a Convención Cidadá polo Clima, mecanismos de participación inspirados na deliberación cidadá. Malia o seu interese formal, estes exercicios resultaron máis cosméticos ca transformadores, xa que non modificaron o esencial: o proceso

de toma de decisiÃ³ns permaneceu concentrado no presidente e no seu cÃrculo inmediato, por riba mesmo do Goberno e do Parlamento, sen un compromiso real de redistribuÃr poder nin de revisar as polÃticas aplicadas.

Chegados a este punto, os sucesivos golpes sufridos polo sistema levÃrono a un autÃntico punto de non retorno.

2022â??2024: a difÃcil cohabitaciÃ³n cun mesmo

A reelecciÃ³n de Emmanuel Macron en abril de 2022 repetiu case punto por punto o escenario de 2017. A segunda volta enfrontouno de novo con Marine Le Pen, e, unha vez mÃ¡is, unha parte significativa do electorado votou por rexeitamento e non por adhesiÃ³n, apoiando a Macron unicamente para frear a ultradereita, non para avalar o seu proxecto polÃtico. Convertido xa en norma e costume electoral, o â??voto por exclusiÃ³nâ?? substituíu a adhesiÃ³n programÃtica como lÃxica dominante. Como subliÃa o historiador AndrÃ© LaranÃ©, Macron â??debÃa o seu Ãxito non ao seu balance nin Ã sÃa popularidade, senÃ³n simplemente ao rexeitamento da sÃa rivalâ??.

Acto seguido, a maiorÃa presidencial perdeu a maiorÃa absoluta nas elecciÃ³ns lexislativas de xuÃo de 2022, algo que resultaba previsible e fora mesmo anticipado por numerosos analistas polÃticos. Por primeira vez en vinte anos, un presidente recentemente reelixido atopÃbase en minorÃa na Asemblea Nacional, con sÃ 245 escanos para Ensemble, moi por debaixo dos 289 necesarios para a maiorÃa absoluta.

A nova lexislatura inaugurou un Parlamento tripartito e fragmentado: un bloque macronista de centro liberal, unha forte oposiciÃ³n de esquerda unida na coaliciÃ³n NUPES (131 escanos) e unha ultradereita do Rassemblement National (RN) mÃ¡is numerosa ca nunca (89 escanos). A tradicional alternancia bipartidista dera paso a unha *majoritÃ introuvable*, literalmente imposible de atopar. Francia entraba asÃ nunha crise de gobernabilidade sen precedentes na historia recente da VÃª RepÃblica. Falto de maiorÃa, o Goberno comezou a recorrer de forma sistemÃtica aos mecanismos constitucionais de excepciÃ³n para levar a cabo as reformas que consideraba necesarias, malia non contar cun respaldo maioritario nas urnas. As ferramentas do chamado â??parlamentarismo racionalizadoâ?? foron empregadas ao lÃmite para esquivar os bloqueos: en menos dun ano, o Executivo recorreu ata en once ocasiÃ³ns ao artigo 49.3 da ConstituciÃ³n, que permite aprobar unha lei sen votaciÃ³n parlamentaria â??entre elas, os Orzamentos e a reforma das pensiÃ³ns, que elevou a idade de xubilaciÃ³n. A oposiciÃ³n respondeu con mÃltiples mociÃ³ns de censura, ningunha das cales logrou prosperar, e cunha mobilizaciÃ³n social masiva nas rÃas contra a reforma. Instalase definitivamente a idea dunha unha autÃntica â??crise democrÃticaâ?. Mesmo sen violar formalmente a ConstituciÃ³n, Macron introduciu o paÃs nunha crise de lexitimidade. Gobernar a golpe de decreto-lei pode ser legal, mais erosiona o contrato social e mina a confianza dos cidadÃns nas instituciÃ³ns. De feito, a impopular reforma das pensiÃ³ns aprobada sen voto parlamentario en 2023 confrontouse cunha maiorÃa social manifesta nas rÃas, mentres o EIÃseo se escudaba nos resquicios legais da VÃª RepÃblica. Para boa parte da opiniÃ³n pÃblica, este episodio confirmou o diagnÃstico: o exceso de verticalidade no poder estaba a asfixiar o espÃrito democrÃtico do rÃxime.

Non Ã casual que, hoxe, tanto a renuncia ao uso do artigo 49.3 como unha nova reforma das pensiÃ³ns figuraron no centro das negociaciÃ³ns para que o Goberno Lecornu II poida sobrevivir Ã sÃa primeira semana. Os golpes reiterados ao sistema de 1958 volven unha e outra vez ao centro do debate polÃtico, proba da profundidade da crise e do impacto que estes mecanismos teÃen nunha sociedade tan politizada e consciente do poder institucional como a francesa.

ContinuarÃj a prÃxima semana

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Francia

INVESTIGACION

UniÃ³n Europea RelaciÃ³ns Internacionais

Date Created

Outubro 23, 2025

Meta Fields

Autoria : 108221